

**SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTAXE DE PERSOAS CANDIDATAS PARA A PROVISIÓN INTERINA OU TEMPORAL DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO (2022/E001/000019)**

**DATA DE REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN**

Reunido o Tribunal do proceso selectivo para a selección, mediante o sistema de concurso-oposición, para a formación dunha listaxe de persoas candidatas para a provisión interina ou temporal de auxiliar administrativo, en data 01/02/2023, para determinar a data de realización do segundo exercicio da fase de oposición, tense constatado, dos datos facilitados polo Servizo de Persoal do Concello, que existen aspirantes que non teñen acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requerido segundo a Base terceira, apartado 7 -CELGA 3 ou equivalente-.

En virtude do disposto na Base 7.2, a realización do segundo exercicio da fase de oposición - avaliación do coñecemento da lingua galega-, consistirá na redacción en galego, nun tempo máximo de 45 minutos, e sen axuda de dicionario, dun documento administrativo relacionado coas funcións do posto de traballo. Deseguido, cada aspirante realizará unha proba oral dun máximo de 10 minutos. Correspóndelle ao Tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto, e quedarán eliminados do proceso selectivo aqueles aspirantes que non acaden a dita cualificación. Estas probas serán acordes ás características funcionais da vacante convocada, para demostrar unha competencia semellante á esixida para obter o certificado CELGA 3.

Detectado un erro na listaxe facilitada polo Servizo de Persoal, enméndase a convocatoria, e, polo tanto, convócase, para o vindeiro venres, día 3 de febreiro do 2023, ás 10:00 horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello, sita na Pza. Do Concello, s/n, en Carballo, aos seguintes aspirantes:

NIF	APELIDOS E NOME
*****60Y	ROJAS LOPETEGUI, RAUL
*****68D	RUIZ VALENCIA, ALBERTO
*****64Y	SANTOS ESPÍÑEIRA, DIANA VIRGINIA

Ante a existencia de erros nas listaxes de persoal, convócase, asimismo, a cantos outros aspirantes teñan superado o primeiro exercicio da fase de oposición e non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requerido segundo a Base terceira, apartado 7 -CELGA 3 ou equivalente-, aínda que non se atopen relacionados no parágrafo anterior, para a mesma data e hora para a realización da proba.

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Carlos Collazo Martínez